



Expediente de Decreto núm.- 2023/G003/000223
Expediente de Pleno núm.- 2023/G010/000009
Asunto.- Convocatoria da Sesión de organización da Corporación.

**DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN DE ORGANIZACIÓN DA NOVA
CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

D. Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira (A Coruña);

En virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 47 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar ó Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, o día 17 de xullo de 2023, ás 20:00 horas, no Salón de Plenos da Corporación.

SEGUNDO.- Que pola Secretaría se leven a cabo os trámites legais oportunos para a convocatoria e notificación dos Señores Concelleiros Electos e para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- Toma de posesión do Concelleiro electo don José Antonio Villar Caamaño.

SEGUNDO.- Dar conta da constitución dos Grupos Políticos Municipais.

TERCEIRO.- Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes e designación de representantes da Corporación en órganos colexiados.

CUARTO.- Dar conta das resolucións de Alcaldía sobre o nomeamento de Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, delegacións e creación da Concellerías de Área.

QUINTO.- Establecemento de réximes de especial dedicación: réxime de dedicación exclusiva para o cargo da Alcaldía e réxime de dedicación parcial para o cargo da Concellería delegada de Servizos Sociais, Muller e Igualdade.

Negreira, na data da que figura á marxe;

O Alcalde-Presidente,
D. Manuel Ángel Leis Míguez.

Perante min,
A Secretaria da Corporación,
D^a Míriam Naveira Dono.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE